



Concello de Cuntis

BANDO

SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DA COVID19 NO MUNICIPIO **CHAMADA Á RESPONSABILIDADE NOS VINDEIROS DIAS DE FESTAS PATRONAIS**

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

FAI SABER:

Que, o Concello de Cuntis, en relación á evolución epidemiolóxica do Covid-19 informa que as autoridades sanitarias veñen de solicitar **que se manteña o control e a vixilancia sobre as medidas contra a pandemia.**

Ante esta situación o Concello apela á tranquilidade e fai un chamamento á prudencia e á responsabilidade de toda a cidadanía ao tempo que solicita encarecidamente que se cumpran de maneira escrupulosa todas as **recomendacións sanitarias vixentes nesta “nova normalidade”**. A ferramenta máis eficaz á hora de controlar a propagación do coronavirus é manter unha **conduta responsable tanto persoal como cos demais.**

Por iso é imprescindible que se cumpran as obrigacións vixentes:

- **Uso obrigatorio de mascarilla, tanto en espazos abertos como pechados, independentemente de que se poida gardar a distancia de seguridade.**
- **Distanciamento social.**
- **Reforzo da hixiene persoal con lavado de mans constante.**
 - **Prohibido o consumo de tabaco na vía pública ou espazos ó aire libre ,incluídas terrazas. (So se poderá exceptuar a obriga de uso de mascara exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar poida garantirse o mantemento ,en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas).**
- **Prohibido o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, parques ,prazas públicas e outros lugares de tránsito ou de uso público (*botellón*) .**
- **Calquera outra actividade excepcional en locais privados terá que contar con título habilitante , debendo garantizarse as medidas de prevención recollidas pola autoridade sanitaria.**

O Concello intensificará a vixilancia durante estes días e aplicará, de ser o caso as sancións correspondentes.

O que se informa aos efectos oportunos. (DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

